Escallonia rubra var. macrantha Mutis ex Carlos L.f., 1781

- escalonia vermella
- escalonia roja
-
-
- red escallonia
- escallonia vermelha, escallonia-rubra



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Escalloniales**	**Escalloniaceae**	***Escallonia***

ORIXE

América do Sur.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto perenne, denso e de rápido crecemento, que pode alcanzar ata 3-5 m de altura, e ramificado dende a base. Follas pequenas, simples, alternas, verde escuro brillante, con bordos dentados e glanduliñas apegañentas na face. Flores en forma de campá, de cor rosa escura a vermella, lixeiramente perfumadas, que aparecen en panículas. Froito en cápsula con numerosas sementes.

HÁBITAT

Preto de regatos, lagos e áreas abertas entre os 400 e 800 metros de altitude.

DISTRIBUCIÓN

América do Sur e Europa.

CURIOSIDADES

No seu Chile natal un dos seus nomes comúns é “Sete camisas”. O nome popular fai referencia ás súas follas, que din que teñen unha disposición ou estrutura peculiar que recorda a varias capas de roupa.